

O Centro de Apoio Científico-Tecnolóxico á Investigación (C.A. C. T.I.) da Universidade de Vigo, centro cuxa misión se centra en proporcionar o apoio científico e tecnolóxico para o fomento da investigación e desenvolvemento aos membros da Comunidade Universitaria e á sociedade no seu conxunto, é consciente da necesidade de garantir a permanente orientación aos usuarios/ as e demais grupos de interese. Por iso, o Goberno da Universidade de Vigo a través do Vicerreitorado de Investigación e da Dirección do C.A. C. T.I., asegura a adecuada implantación, mantemento e mellora dun Sistema de Xestión da Calidade conforme cos requisitos da Norma ISO 9001:2015 e establece os seguintes obxectivos xerais:

- a) Asegurar o cumprimento dos requisitos legais e outros que resulten de aplicación.
- b) Determinar os riscos e oportunidades asociados ao contexto no que opera o centro e ás necesidades e expectativas dos grupos de interese, así como asegurar a toma de accións que resulten pertinentes.
- c) Asegurar a orientación ao usuario/a na planificación e prestación dos servizos, así como asegurar o seguimento da percepción do usuario/a achega do desempeño da organización.
- d) Definir periodicamente obxectivos da calidade como ferramenta para garantir o compromiso de mellora continua.
- e) Asegurar a dispoñibilidade dos recursos necesarios para garantir a adecuada prestación dos servizos e a consecución dos obxectivos da calidade.
- f) Garantir a comunicación e difusión desta política a todas as persoas que traballan no C.A. C. T.I., así como asegurar a súa dispoñibilidade para os grupos de interese.